

D I T A M E

Ditame
4/07

sobre o anteproxecto de
Lei galega
para a prevención e
tratamento integral
da **violencia de xénero**



APROBADO POLO PLENO O 23 DE ABRIL



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

■ ANTECEDENTES

1.- En data 19 de marzo de 2007 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, con carácter urgente, o Anteproxecto de Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, na mesma data, da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 20 de marzo, a Comisión Sectorial nº 2, reunida na súa sesión 2/07, establece o calendario de sesións co fin de levar a cabo os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 7/07, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 19 de abril, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/07, de 23 de abril, e tras coñecerlo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto a adopción de medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren.

O anteproxecto estrutúrase nun título preliminar, tres títulos e seis Disposicións adicionais, unha Disposición derogatoria e dúas Disposicións finais.

No Título preliminar do presente anteproxecto de lei, defínese o obxecto da lei e descríbense as diferentes formas de violencia de xénero.

No Título I regúlanse as medidas de prevención da violencia de xénero.

O Título II regula as accións do poderes públicos e dos profesionais precisas para protexer e asistir ás mulleres que sofren violencia de xénero.

O Título III dedícase á organización do sistema de protección e asistencia integral fronte á violencia de xénero.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a oportunidade que brinda a elaboración do presente anteproxecto de Lei, pois dá resposta normativa á necesidade de erradicar a violencia de xénero, a manifestación máis grave da desigualdade entre homes e mulleres existente na nosa sociedade.

2.- O CES considera prioritario o uso correcto do idioma nos textos oficiais, polo que solicita que se aplique a normativa vixente en materia lingüística.

Por outra banda, o CES entende que, en todo caso pero especialmente dado o obxecto do presente Anteproxecto de Lei, deberíase de evitar a utilización de linguaxe sexista.

3.- O artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, regula entre as funcións do CES, a de elaborar ditames de carácter preceptivo sobre anteproxectos de Lei que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Sen embargo, a Disposición Derradeira Primeira da nomeada lei deixa a salvo as funcións atribuídas ao Consello Galego de Relacións Laborais pola súa normativa específica, entre as que se atopa a de elaborar ditame de carácter preceptivo sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta de Galicia en materia de política laboral.

Por todo o sinalado, o CES considera que o Capítulo IV do Título II: “*Medidas no ámbito da formación e do emprego*”, así como o apartado f) do artigo 5, ao tratar materia de política laboral, deberían quedar excluídos do ditame do Consello Económico e Social, e entende necesario comunicar á Xunta de Galicia a conveniencia de que se remita ao Consello Galego de Relacións Laborais.

4.- O CES entende que sería necesario aproveitar a oportunidade desta Lei para simplificar e coordinar os protocolos relacionados coas denuncias de violencia de xénero.

Neste senso, o CES estima fundamental a coordinación neste ámbito dos servizos sanitarios e dos servizos sociais, tanto autonómicos como locais.

5.- O CES entende que se debería de aproveitar a oportunidade que brinda a elaboración desta lei para tratar de recoller explicitamente algunhas medidas consideradas fundamentais para eliminar a situación de vulnerabilidade dentro do colectivo de mulleres labregas.

Con esta finalidade, o CES entende que se debería de incluír dentro do anteproxecto que a Administración galega debe potenciar a implantación dun sistema para rexistrar ás cotitulares das explotacións agrarias, de xeito que, nun proceso de separación por violencia de xénero, as mulleres teñan garantidos os dereitos económicos e sociais pertinentes.

Finalmente, dada a especial incidencia da problemática da muller rural en Galicia, en relación co resto de Estado, o CES entende necesario que o goberno galego inste o urxente cumprimento do artigo 30 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no que se regula a obriga dos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e o de Agricultura, Pesca e Alimentación, de desenvolver a figura xurídica da titularidade compartida, co fin de que se recoñezan os dereitos das mulleres no sector agrario, a correspondente protección da Seguridade Social así como o recoñecemento do seu traballo.

6.- O CES considera que se debería de incluír como un dos principios orientadores da Lei, o principio de equidade territorial, en especial, para a atención adecuada da problemática das mulleres rurais.

7.- Dado que na definición dos distintos tipos de violencia de xénero faise referencia ao vínculo mantido co agresor, o CES considera que máis ca unha lei para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero esta é unha lei para a prevención e tratamento da violencia doméstica.

En opinión do CES, dentro da definición de violencia de xénero debería subliñarse que é unha violencia derivada da construción social e cultural da masculinidade e a feminidade, e, polo tanto, abrangue todos aqueles actos

violentos, desde o emprego da forza física ate o acoso, non só sexual, e a intimidación, que ten con vítimas principalmente ás mulleres polo feito de selo. Por tanto, o CES entende que non se debería de relacionar violencia física e psicolóxica coa vinculación que manteña ou non o agresor coa muller, do mesmo xeito que non se fai cando se define violencia sexual.

8.- Dado o carácter específico do presente anteproxecto de Lei, de prevención e tratamento da violencia de xénero, o CES considera que non se debería de utilizar para crear organismos non directamente relacionados coa violencia de xénero; organismos que, en todo caso, o CES estima que deberían ser creados mediante unha lei propia na que se regule os seus aspectos básicos, como funcións, composición ou obxectivos.

O CES estima que a proliferación de organismos distintos con obxectivos semellantes vai en detrimento da eficacia e eficiencia na utilización dos recursos públicos. Así, o CES entende que, polo carácter transversal da lei, sería conveniente integrar nun só organismo o seguimento e avaliación de todas aquelas cuestións relacionadas coa aplicación do principio de igualdade de oportunidades, incluíndo o seguimento do planeamento e da lexislación actual.

En opinión do CES, en relación ao Consello Galego das Mulleres e á Comisión Interdepartamental de Igualdade, sería máis efectiva a creación dun só organismo competente en materia de igualdade que centralizase todas as actuacións, debendo estar representados todos os actores sociais e órganos da administración autonómica.

9.- O CES remítese ao que en relación ao vocábulo “departamento” expresou na consideración 14 do Ditame 7/06, do 21 de xuño, na que se indicaba que *“a indeterminación do vocábulo “departamento” (que deriva do francés Département) pode inducir a confusión dado que o mesmo pode referirse por igual á Consellería competente por razón da materia ou á Dirección Xeral ...”* (sic).

■ CONSIDERACIÓN PARTICULARES

1.- O CES considera que na **exposición de motivos** do presente anteproxecto de Lei, no seu último parágrafo, debería figurar que o presente anteproxecto de Lei foi sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O CES considera que na **exposición de motivos** debería concretarse algunha referencia ao texto constitucional así como ao Estatuto de Autonomía, en canto aos títulos competenciais que habilitan o desenvolvemento da normativa proposta.

3.- O CES considera que se debería de eliminar da **exposición de motivos** do anteproxecto de Lei sometido a ditame a expresión “salario da liberdade”, referida ás prestacións económicas periódicas ás mulleres que sofren violencia de xénero, por entenderse que, en ningún caso, responde á definición de salario e que non garante tampouco a liberdade da muller.

4.- O **artigo 1** do anteproxecto de Lei sometido a ditame expón o obxecto da presente Lei. O **apartado 2** do dito **artigo 1** define a violencia de xénero a efectos desta Lei.

O CES entende que, da nomeada definición de violencia de xénero, debería de eliminarse o termo “xeneralizado”.

5.- O **artigo 2** do anteproxecto de Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero expón o ámbito da presente Lei, salientando que as medidas contempladas na mesma serán de aplicación a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, así como ás persoas delas dependentes.

O CES considera importante que no texto da presente norma se defina e

concrete o que se entende por persoas dependentes das mulleres vítimas da violencia de xénero.

Por outra banda, o CES entende que deberían integrarse dentro do ámbito de aplicación desta Lei, ás galegas e galegos que, por motivos de violencia de xénero, retornen a Galicia e non se vexan favorecidas por este tipo de axudas noutra Comunidade Autónoma.

6.- O artigo 3 do anteproxecto de Lei sometido a ditame deste Consello define as formas de violencia de xénero consideradas aos efectos da presente norma.

Os **apartados a) e b)** do nomeado **artigo 3** definen a violencia física e a violencia psicolóxica respectivamente, salientando que terán tamén a consideración de actos de violencia física ou psicolóxica contra a muller os exercidos por homes do seu entorno familiar ou do seu contorno máis achegado. Neste senso, o CES estima necesario concretar a definición do contorno máis achegado.

O **apartado d)** do **artigo 3** define a violencia sexual e abusos sexuais. O CES considera que se debería de incluír dentro da definición de violencia sexual a mutilación xenital e a violencia contra os dereitos sexuais e reprodutivos.

7.- O artigo 4 do anteproxecto de Lei expón os principios que orientan o contido desta Lei.

O CES considera que a redacción do **apartado 4** referido á eliminación da vitimización secundaria debería ser ampliada, engadindo o seguinte parágrafo:

“A Administración procurará en todo momento que a muller teña garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica, a través de recursos axeitados e non a través de programas parciais e insuficientes, e que deste xeito, ningunha muller se vexa na obriga de ir de recurso en recurso”.

8.- O artigo 5 do anteproxecto de Lei regula a acreditación da situación de violencia de xénero.

O CES considera que debería de engadirse unha nova Disposición Adicional no texto do anteproxecto de lei na que se remitise ao desenvolvemento regulamentario a especificación de que acreditacións van a ser esixidas por parte da administración para ser beneficiaria das distintas medidas de protección que se regulan.

9.- O artigo 6 do anteproxecto de Lei obxecto de ditame regula o deseño, a elaboración e difusión de campañas de prevención da violencia de xénero.

Na mesma liña do Ditame (2006/C110/15) do Consello Económico e Social Europeo sobre “*La violencia doméstica contra las mujeres*”, o CES considera que se deberían de incluír dentro das campañas de prevención da violencia de xénero, como obxectivo das medidas específicas, ás mulleres de idades avanzadas.

10.- O artigo 12 do anteproxecto de Lei regula a potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.

O CES entende que neste artigo débese facer mención expresa a que se potenciará a investigación sobre violencia de xénero nas Universidades galegas.

11.- O artigo 15 do anteproxecto de Lei obxecto de ditame regula a formación da totalidade das e dos profesionais.

O CES considera que se debería de modificar a redacción do **apartado 2** do dito artigo, de xeito que onde di:

“(…) *competente e os colexios profesionais correspondentes, velarán* (...)”,

debería dicir:

“(…). *competente e todos aqueles organismos e entidades que imparten formación, velarán* (...)”.

12.- O Capítulo III do Título I do anteproxecto de Lei regula as medidas no ámbito educativo.

En opinión do CES debería concretarse a introdución, no ámbito curricular do ensino primario e secundario, de programas con contidos concretos para formar os nenos e nenas nas materias ás que se refire o presente anteproxecto de Lei, así como programas de formación continuada para a profesorado.

O CES considera que, dada a importancia da educación na prevención da violencia de xénero, debería ampliarse o nomeado Capítulo III do Título I, nas posibilidades competenciais da Xunta de Galicia, de maneira que se esgoten toda as posibilidades de introdución de medidas para posibilitar a instrución dos nenos e nenas en materias referidas propiamente a igualdade de xénero e de respecto a tal igualdade, sen quedarse na mera enunciación de principios.

13.- O artigo 19 da presente norma regula os planos de acción tutorial.

O CES entende que se debería de modificar a redacción do nomeado artigo 19 de xeito que onde di:

“(…), así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non na pertenza a uno ou outro sexo”,
debería dicir:

“(…), así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non en estereotipos sexistas”.

14.- O artigo 20 do anteproxecto de Lei regula os proxectos educativos de centro.

O CES considera que onde di: *“proxecto educativo de centro”* debería dicir: *“proxecto curricular de centro”*.

15.- O artigo 29 do presente anteproxecto regula a asistencia letrada.

O CES entende que se debería de recoller neste artigo que as mulleres víti-

mas de violencia de xénero terán dereito á asistencia letrada específica, que lle será ofrecida polo funcionario ou funcionaria no momento de interpor a denuncia, para o asesoramento na elaboración da mesma.

16.- O artigo 30 do anteproxecto de Lei regula o exercicio da acción popular dentro das medidas no ámbito xudiciario, de xeito que se faculta á Administración da Xunta de Galicia para exercer a acción popular nos procedementos penais por violencia de xénero sempre que exista consentimento da muller ou da familia.

O CES considera que se debería de modificar o texto do **apartado 2** deste artigo 30 para especificar que a acción popular non se poderá exercer en caso de negativa expresa por parte da muller vítima da violencia de xénero, suprimindo a necesidade do consentimento expreso da muller ou da súa familia.

17.- O artigo 31 do presente anteproxecto regula a persoación da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.

O CES entende que a posibilidade de persoamento da Xunta nos procedementos penais, como prexudicado civil exclusivamente, debería ser precedida pola introdución dun mecanismo legal que permita á Xunta de Galicia recuperar do patrimonio do agresor condenado por sentenza firme, aquelas cantidades que a modo de axuda foran no seu momento entregadas ás prexudicadas.

18.- O artigo 33 do anteproxecto de Lei regula o deseño e implantación de dispositivos de alarma.

O CES estima necesaria a definición dos sistemas de protección así como do trámite para a súa implantación, no regulamento da lei.

19.- O artigo 39 do anteproxecto regula as prestacións periódicas.

O CES, en consonancia coa consideración feita sobre o artigo 31 do pre-

sente anteproxecto sometido a ditame do Consello, propón establecer un sistema regulado de recuperación das axudas proporcionadas á muller maltratada con cargo ao patrimonio do seu maltratador.

20.- O artigo 45 do anteproxecto de Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero regula o acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.

O CES considera que este artigo excede o ámbito da lei ao sinalarse que *“poderá reservarse un número de vivendas adaptadas para mulleres vítimas de violencia de xénero, con mobilidade reducida de carácter permanente”*.

21.- O artigo 46 do anteproxecto de lei regula o acceso preferente ás residencias públicas das mulleres maiores e das mulleres con discapacidade que sofren violencia de xénero así como das persoas delas dependentes.

O CES entende que no nomeado artigo debería substituírse a expresión *“residencias públicas”* por *“equipamentos sociais especializados”*.

22.- O artigo 48 do presente anteproxecto de Lei regula a Rede galega de acollemento.

O CES entende necesaria a creación de pisos tutelados, deixando a opción de acceder a centros e casas de acollida para aqueles casos cunha duración temporal máis curta e para prever situacións de desamparo ante a escaseza de vivendas protexidas.

23.- O artigo 51 regula o Servizo de Atención 24 horas

O CES entende que dentro do **apartado 2b)** deste artigo debería substituírse a expresión:

“ b) conter as situacións de vulnerabilidade emocional e psicolóxica.”

por:

“b) proporcionar asistencia axeitada fronte a situacións de vulnerabilidade emocional e psicolóxica”.

24.- O **artigo 53** do anteproxecto de Lei galega de para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero regula os puntos de encontro familiar.

O CES estima necesario que os puntos de encontro familiar dependan directamente da Consellería competente da Xunta de Galicia, dotándoos de persoal especializado pertencente á administración.

25.- A **Disposición Adicional Primeira** regula os acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

O CES entende que se debería de modificar a redacción da dita Disposición de xeito que onde di:

“(...) para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, xudicial e laboral”,
debería dicir:

“(...) para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, xudicial, laboral, educativo e de investigación.”

26.- A **Disposición Adicional Terceira** do presente anteproxecto crea o Consello Galego das Mulleres, como órgano consultivo, de participación e asesoramento en materia de muller.

En liña co manifestado na Consideración Xeral 8 deste ditame, o CES estima que non se debería de utilizar unha lei de prevención e tratamento integral da violencia de xénero para crear un organismo, como é o Consello Galego das Mulleres, con funcións de participación e asesoramento en materia de muller, e, polo tanto, con competencias moito máis extensas que o eido da violencia de xénero.

En todo caso, o CES considera que as funcións, composición, ou liñas básicas de actuación de organismos públicos sempre deben ser especificadas na súa lei de creación.

27.- En relación á **memoria económica** remitida xunto con este anteproxecto de Lei, o CES entende que se deberían complementar os gastos previs-

tos pola Vicepresidencia de Igualdade e Benestar coa previsión de gastos da aplicación transversal desta lei no conxunto das consellerías e organismos.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2007

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano